



# Nova Escola Galega

# OPIINA

Outubro de 2016

## AS REVÁLIDAS, UN CASO DE INDIGNIDADE POLÍTICA

*Nova Escola Galega apoia as iniciativas en contra da LOMCE e das súas reválidas.*

O PP estivo negociando con *Ciudadanos* un pacto no que se prometía a paralización da aplicación da LOMCE «naqueles aspectos sen desenvolver». Isto é indignidade política. É un engano. Imos ver: o único que quedaba por desenvolver son as reválidas e o goberno en funcións encargouse de facelo este verán antes de asinaren este non nato Pacto. Agora que parece que logrará o goberno sen o pacto, non podemos esquecer esa manobra. É escandaloso que un goberno en funcións aprobe unha medida que sabe contestada polo resto dos partidos, como se demostrou tanto na breve lexislatura anterior, como na presente. É aínda máis escandaloso que o faga con moita e innecesaria antelación á posta en marcha do regulado, cando o resto da lei foi aprobándose con poucos días de antelación en plena lexislatura, ou sexa que cando estaban en pleno uso das capacidades de goberno lexislaban sen dar tempo para asimilar o que se lexislaba, e agora, que non están lexitimamente gobernando máis que nos asuntos urxentes, aproban medidas cunha antelación innecesaria. Esta actitude política prepotente conseguiu xusto o contrario do que a LOMCE pretendía: lonxe de constituír un marco «uniforme» de referencia, o desenvolvemento que as diferentes comunidades están facendo desta lei —en virtude das súas competencias e das lexítimas visións educativas que non tiveron acollida por parte do goberno central na tramitación da lei— implica diferenzas na oferta de materias, nos sistemas de avaliación e no ritmo de aplicación dalgunhas das medidas contempladas na lei. A proliferación de recursos desde diversas instancias coloca a LOMCE e, particularmente, o Decreto das reválidas, como os causantes do maior caos educativo desde o comezo da democracia, mentres o goberno en funcións repite retórica e cinicamente o *mantra* do Pacto pola Educación.

*A proliferación de recursos desde diversas instancias coloca a LOMCE e, particularmente, o Decreto das reválidas, como os causantes do maior caos educativo desde o comezo da democracia.*

Por se fose pouco a chafallada política que o Decreto das reválidas representa, no plano educativo agravase o seu significado.

Non é un domingo caqueira, é o domingo #Bomospobres!

GALEGAS 2016 ▾ HETEROTOPIAS REFUXIADAS ▾ ACCIDENTE NO PORRINO ▾ POLA SANID/

ESCOLA PÚBLICA ▾ hai 3 días | Movements sociais

### Novas mobilizacións da comunidade educativa insisten no rexeitamento á Lomce

Redacción | @prazapública

Convocados pola Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, estudantes e profesorado de numerosos centros de secundaria de Galicia amosaron o seu rexeitamento á polémica Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (Lomce) e ás reválidas que se derivan da súa aplicación.

Durante o recreo, foron moitos os puntos nos que se concentraron alumnos e docentes para posicionarse contra a normativa. "Nin reválidas, nin Lomce", rezaban a maioría de pancartas que luciron nos diferentes centros educativos.

Ademais, e tamén neste xoves, a organización estudiantil Erguer levou a cabo en máis de 30 centros de ensino medio de 20

CPI de Vedra  
@CIGEnino

GO #PSOE #cartasmarcopolo Última hora Política Comunicación Sociedade Economía

### Confapa e Plataforma en Defensa do Ensino apoiarán folga xeral educativa do 26 de outubro contra as 'reválidas'

A Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia e a Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos (Confapa-Galicia) apoiarán a folga xeral educativa convocada o próximo 26 de outubro polo Sindicato de Estudiantes en contra das chamadas 'reválidas', tras a implantación este ano das probas finais de ESO e Bacharelato completando a implantación da Lomce.

Por E.P. | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 30/09/2016 | Actualizada ás 19:50

A Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia e a Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos (Confapa-Galicia) apoiarán a folga xeral educativa convocada o próximo 26 de outubro polo Sindicato de Estudiantes en contra das chamadas 'reválidas', tras a implantación este ano das probas finais de ESO e Bacharelato completando a implantación da Lomce.

A plataforma arremeteu contra estas probas "longas, custosas, inxustas e inútiles" que "pechan o círculo da implantación dun modelo educativo que remata con a igualdade de oportunidades no sistema educativo".

Por iso, decidiron apoiar a folga estudiantil convocada para o 26 de outubro e poñer en marcha un calendario de actuacións conxuntas contra as probas, que se dará a coñecer proximamente.

Nesta liña, Confapa realizou un chamamento ás familias a "unirse á xornada de resistencia" para "baleirar os centros educativos xunto ao alumnado" que realiza esta convocatoria.

"Non podemos deixar só aos nosos fillos nesta resistencia á Lomce, nesta loita polos seus dereitos e polo futuro que merecen... Insistiu a Confederación, quen criticou que o Goberno continde poñendo "máis obstáculos" na vida académica dos mozos.

En primeiro lugar, as reválidas significan unha forma de segregación, fomentan a desigualdade e uniformizan o desenvolvemento curricular da peor maneira posible, que é convertendo a superación dun exame no único obxectivo a lograr por parte de alumnado e profesorado. Os currículos van estar condicionados drasticamente pola proba, tanto por obrigaren a priorizar os contidos da mesma como por diferenciar as materias, dándolles máis relevancia a aquelas que aparecerán nas probas. As reválidas significan tamén desconfiar do profesorado, dos centros e do propio sistema, ao non dar por válidas as súas decisións avaliadoras, obrigando a «revalidalas» o alumnado. Queda en entredito, ou anulada na práctica, a autonomía do profesorado, pois as súas iniciativas curriculares e avaliadoras serán vistas como pouco útiles para un obxectivo final de titulación, ao que aspira loxicamente todo alumno. Tamén fomentan a competitividade entre centros, co prexuízo agardado para aqueles que reciben a poboación escolar con máis dificultades: os centros públicos.

En segundo lugar, queremos chamar a atención sobre as súas consecuencias máis evidentes e inmediatas para o desenvolvemento educativo do alumnado: a máis grave é que non se lles dá alternativa a quen non supere a avaliación de 4º da ESO. Así, á idade de 16/17 anos, ou ben perden un curso agardando a nova reválida ou ben inician a FPB, que significaría perder dous.

En Bacharelato tamén é moi negativo que se faga depender desa proba o recibiren ou non a titulación de Bacharel, que lles dará acceso a traballos ou estudos non universitarios, despois de superaren unha etapa tan esixente como é esta. A perda do seu carácter de elemento decisorio para ordenar o acceso á Universidade é outra consecuencia grave da LOMCE. Seguramente a sensatez das Universidades impoña que a proba se pareza o máis posible á Selectividade anterior, tanto na súa forma como nos seus efectos; aínda así producirá situacións de dificultade para o alumnado sobre todo na súa fase transitoria, posibilitando non facela aos que veñen do sistema anterior —repetindo segundo de Bacharelato cunha ou dúas materias— coas situacións que creará para o acceso á Universidade en igualdade de condicións.

Cómpre lembrar o alto seguimento que as convocatorias de mobilización contra as reválidas de primaria lograron o curso pasado, sendo Galicia a comunidade que liderou a contestación das familias. Agora a Consellería quere lograr a toda costa a tranquilidade das familias con vagas declaracións e ningún compromiso claro e concreto ao respecto destas medidas. Os medios de comunicación reflicten unha imaxe elocuente retratando só 4 gobernos submisos á LOMCE e ás súas reválidas —entre eles o galego— e, nada menos que 13 responsables de comunidades autónomas que levan anunciado diferentes alternativas e estratexias de contestación a estas medidas, mesmo con antelación á saída do propio Decreto das reválidas.

Para *Nova Escola Galega* as reválidas representan a peor medida educativa que contempla a deostada LOMCE e, igualmente, a súa xestión política non pode merecer máis cá nosa reprobación. Por estes motivos apoiamos e animamos a participar nas accións de protesta e mobilizacións convocadas contra as reválidas de secundaria.

The screenshot shows the website SERMOS GALIZA. At the top, it indicates the date 'DOMINGO 23 OUTUBRO 2016' and includes social media icons for Facebook, Twitter, Google+, and RSS. A navigation menu lists categories: CAPA, POLÍTICA, SOCIAL, INTERNACIONAL, TRABALLO, ECONOMÍA, CULTURA, LINGUA, OPINIÓN, DEPORTES, MEMORIA E HISTORIA. Below the menu, there are several hashtag buttons: #SERGASCONDENADO, #TRANSFERENCIAAP9, #NOBELDYLAN, #NOVALEXISLATURA, #XUÍZOGÜRTEL, #INVESTIDURA, #CRISEPSOE, and #SERMOS218. The main article is titled 'Cabazas desde o ensino público para un conselleiro "sumiso" ante a Lomce e as reválidas'. The article is dated '13 Outubro 2016 12:53 h.' and includes a photo of a group of people holding signs. To the right of the article, there is a 'PUBLICIDADE' section featuring a poster for a symposium titled 'SIMPOSIO REPENSANDO GALIZA: AS IRMANDADES DA FALA (1916-1931)' with the logo 'A NÓSA TERRA'.